

Arredor da Historia da Educación.

Actualidade Galega.

A actualidade relativa a asuntos de historia da educación en e desde Galicia estivo marcada durante o pasado curso académico 2001-2002 sobre todo pola conmemoración do Ano das Letras adicado á figura do Padre Sarmiento, e pola presentación pública do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA), aínda que tamén nos debamos referir a algunhas outras iniciativas e referencias.

A comemoración arredor do Padre Sarmiento, que da nome a este Anuario Galego de Historia da Educación, e que é significativamente o patrono da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, serviu para suscitar diversas iniciativas editoriais e congresuais nas que arreo se consignou a dimensión pedagóxica de Sarmiento, como puxeron sobre todo de manifesto coas súas publicacións José Santos Puerto, Antón Costa e María A. Lires. Entre as publicacións xeralistas e globalizadas sobre Sarmiento é de destacar asemade a cumprida antoloxía de textos coa anotación introductoria, preparada por Henrique Monteagudo. Achegáronse case a vinte os libros publicados en diversos formatos.

O MUPEGA, que pretende recoller o patrimonio histórico educativo de Galicia, fixo a súa presentación pública. Desde a súa conexión actual co Centro de Investigación Ramón Piñeiro, o Museo que ten xa catalogadas 14000 pezas en relación coa dotación e o equipamento escolar en Galicia durante os dous últimos séculos, baixo a dirección do profesor Vicente Peña, pasará a contar próximamente cunhas notables instalacións propias, en tanto xa se está a facer presente en distintos foros académicos, organizou o 1º Foro Ibérico de Museismo

Pedagóxico e promoveu distintas publicacións e edicións en sistema informático. Un vídeo e un CD que presentan o contido e propósitos do MUPEGA serven de carta de presentación, que se acompaña dun fermoso estoxo de cartas postais con reproducións de obxectos de uso escolar e de edificios, do Repertorio biblio-hemerográfico da educación en Galicia 1715-1970, que continúa e estende en soporte informático o Catálogo preparado desde a Facultade de CC. da Educación da USC en 1999, e doutras iniciativas en proceso de desenvolvemento.

Á veira das anteriores iniciativas, é oportuno referirse á edición do libro *Colegio Nuestra Señora de la Antigua* (Everest, León, 2001), preparado polo escolapio, recentemente falecido, Esteban Martínez, e que se presentou con resoancia social en Monforte, como tamén ás edicións suscitadas polo rescate da memoria do ensinante e escritor galeguista Manuel Luis Acuña, por impulso de xentes vencelladas á Pobra de Trives: referímonos á edición preparada por Ramón Nicolás para Xerais (2001), e á edición das Actas do I Congreso Manuel Acuña, con edición de Domínguez Alberte (2001), con texto este no que o profesor Xosé M. Cid fai unha aproximación á figura de Manuel Luis Acuña dentro do maxisterio republicano ourensán.

O panorama do que falamos podémolo cerrar facendo referencia a tres publicacións: a da biografía de Avelino Pousa Autelo, motor da Escola Agrícola da Granxa Barreiros, ensaio de pedagogía globalizadora e escolanovista nos anos cincuenta e sesenta (Ir Indo, 2001); o número tres da Revista *Dez Eme* de Historia e Ciencias Sociais que promove a Fundación 10 de Marzo das CC.OO. de Galicia, baixo a dirección de José Gómez Alén e de Víctor Santidrián, e a

Antoloxía de textos pedagóxicos que da conta do pensamento educativo do galeguismo como corrente histórica, política e cultural, que preparou cuidadosamente a profesora Sabela Rivás Barros.

Antón Costa Rico

Un centro modélico:

“O Pelouro”

Trinta anos da máis intensa, difícil e mesmo heroica dedicación pedagóxica. ¡Trinta anos!...Os mellores anos da vida de Teresa Ubeira e Juan Llauder, os “nenólogos” máis célebres da nosa terra e arredores. Teresa e Juan, no seu máxico niño educativo de Caldelas de Tui, cos seus pequechos autistas, dawns, psicóticos ¡e normópatas!, contruíndo cada día, con forza sobrenatural e cunha emoción sen límites, entre os lindeiros do soño e a realidade, o seu namorado, poderosísimo e apabullante “poema pedagóxico”.

¡O espírito do noso! di Teresa no seu último poema. Un poema que ela mandaba hai días a Manuel Fraga, facéndose ouvir, clamando, reclamando o que lle corresponde pola súa aportación social á realidade presente da nosa terra. Si ¡o espírito do noso!, coma un berro. O noso lugar, o cerne, o noso...A presentización do mellor pasado e do máis prometedor futuro.

Porque “O Pelouro” segue a troquelar “pelouríños”. “O Pelouro” segue medrando sen parar: A Abadía, a Factoría...son xa obradoiros en pé que pretenden garantir o futuro de moitos nenos con problemas. Productos do traballo material e intelectual dese colectivo formidable que, tirado -ou arrastrado, se fai falta- por Teresa e Juan, modela corpos e moldea almas, “leirea” terras, sementa patacas ou millo, culti-

va viñedos ou planta árbores...“O Pelouro” é a obra do amor máis grande de Teresa e Juan.

Un día no “Pelouro” é unha experiencia inesquecible. Ver en acción á xente do “Pelouro”, presenciar as asembleas do “Pelouro”, escoitar a música calada do “Pelouro” -as augas, o lume sen fin, as fontes, a terra, o pan, a cociña entendida como cultura para aprender a vivir (“¡centro existencial e non asistencial!”, clamará Juan)-, andar polo “Pelouro” coa alma atenta e tensa, é, segue a ser, agora máis que nunca, unha maneira irrepitible de sentir a educación. Nunca coma no “Pelouro” a educación foi, en si mesma, unha fartura, unha riqueza, unha gloria. ¡A educación como emoción e como paixón!

“O Pelouro” é a loita de cada día contra a marxinação. Non é só que integre; ¡é que non marxina! Que ven ser o máis importante para non discriminar. “O Pelouro”, Teresa, Juan e os amigos do “Pelouro”...Resoancias do “Pelouro” por toda Europa. Resoancias do “Pelouro” sofocadas, retidas e contidas na nosa terra e no noso propio país...¡Hai que remover a semente das grandes obras!

Herminio Barreiro

RIVAS BARRÓS, S.: *O ideario educativo do galeguismo. Escolma de textos e fontes bibliográficas. Sada. Edicións do Castro, 2002, 301 pp.*

Sabela Rivas -que non para de traballar e de publicar ultimamente (¿contaxio familiar quizais?)- ven de sacar outro libro: *O ideario educativo do galeguismo*, unha “escolma de textos e fontes bibliográficas” que edita Edicións do Castro na súa serie “Documentos” e que nos aporta de entrada a máis densa e central razón

de ser da nosa tarefa pedagóxica en Galicia, de Galicia e para Galicia.

Sabela -no ronsel da súa tese doctoral: un punto de partida un día, ben se ve- prepáranos unha selección de textos de autores clásicos e nosos e unha estupenda selección de prensa pedagóxica -abordando o tema da *educación* e o *galeguismo*- nunha apretada mostra de fontes bibliográficas.

Autores que van dende Martín Sarmiento ata Castelao -caseque dúas ducias en ringleira-, con calas tan variadas como Alfredo Brañas, Murguía, Peña Novo ou Otero Pedrayo e mesmo Eloi Luis-André, Alvaro de las Casas ou Manuel Díaz Rozas.

Mostras de prensa de *A Nosa Terra*, *La Voz de Galicia*, *A fouce* ou *El Emigrado*, *Galicia*, *Nós*, entre outros, nos que se fai o inventario de artigos sobre a temática pedagóxica, escolar e galeguista máis diversa.

Así pois, unha obra de consulta obrigada e un referente para todos nós.

Herminio Barreiro

ARCA CALDAS, O., Certame escolar dos Pereiriños. Precedentes, memoria e actualidade, Colectivo Pereiriños, Pontevedra, 2000, 145 pp.

Un texto breve, próximo á crónica impresionista, aínda que non exento de tratamento historiográfico adecuado, que nos introduce na memoria dunha experiencia comunitaria vivida con intensidade arredor da escola nas terras estradenses.

En efecto, este *Certame escolar dos Pereiriños* fai referencia ao espazo estradense ao longo do primeiro tercio do século XX e ás

dinámicas de cambio social que alí tiveron lugar, centrando a atención neste caso no agrarismo e no mundo das escolas apoiadas/creadas polas Sociedades de Instrucción fundadas en América. Impulsos societarios, agrarismo propiciado mediante a fundación de sociedades agrarias e rexeneracionismo social compuxeron a filosofía e os instrumentos sociais desde os que as terras estradenses conocerán: a creación da prensa comarcal (*El Estradense*, 1906, que dará logo paso a *El Emigrado*), o impulso ás sociedades de instrucción (desde 1906) e á creación de escolas primarias (que sendo 24 en 1915 chegarán a 63 en 1927), e a xeración dun moi notable espírito comunitario, como o que a bo seguro quería Waldo Álvarez Insua, quen fora o fundador na Habana de *El Eco de Galicia* en 1878.

Sobre este escenario, baixo as directrices das Sociedades de Instrucción, coa coordinación do sindicato agrícola de Pardemarin, desde 1916 e ata 1931 celebrouse con alcance comarcal un Certame Escolar anual no que chegaron a participar ata 15 escolas, cinco delas —as das sociedades— constantemente; un certame que acadaba o seu punto final anual nunha festa popular na carballeira dos Pereiriños, da parroquia de Curantes, a onde acudían os nenos e os mestres das escolas participantes, as xentes darredor, a banda de música, e representantes locais e das entidades convocantes, procedéndose á entrega de premios aos nenos participantes nesa actividade, que en diversos momentos se celebrou no medio da oposición das autoridades e responsables da administración educativa, contrariados por esta dinámica social vitalizada por líderes agrarios e societarios.

O libro, construído amorosamente por Olimpio Arca, mestre de moitas xeracións de mozos

estradenses, home de impulso cultural constante e autor doutras recuperacións tamén referidas á historia educativa nas terras da Estrada, fainos un relato cumprido daquelas iniciativas escolares e festas populares, sinala os fíos societarios e agrarios que as sostiñan a alude a diversas e valiosas incidencias: a creación da Asociación de mestres da Estrada en 1921, o discurso do Certame de 1923 lido en galego por un neno reclamando a defensa da cultura galega..., ou a recuperación desta festa en 1997, volvéndose pois a celebrar ata o día de hoxe.

Fermosa iniciativa a deste Certame e un anaco da nosa memoria peneirado polo autor, co auxilio de Marise García, que colaborou intensamente na recuperación de textos de época, e de abondosas fotografías que se reproducen na presente edición.

Antón Costa Rico

SARMIENTO, FR. M.: *La educación de la niñez y de la juventud. Textos. Edición de Antón Costa y M. A. Lires. Madrid, Biblioteca Nueva, 2002, 294 pp.*

SARMIENTO, O NOSO ROUSSEAU

É o noso Rousseau...Sarmiento, o polifacético, o andarín, o curioso, o "político", o políglota, é o noso Rousseau. Aínda que non poida selo, eo. É ise o seu papel modernizador da nosa cultura máis viva. É ise o xogo que nos fai. É ise o seu significado histórico máis de hoxe...Por iso non foi casualidade a súa conmemoración nas Letras Galegas do 2002.

Antón Costa e María Álvarez Lires acaban de facerlle unha fermosa introducción ós seus textos máis específicos sobre educación, editados por Biblioteca Nueva: *La educación de la niñez y de la juventud*. Neste libro, que acaba de apa-

recer, podemos atopar unha orixinal "digresión sobre la educación de la juventud española" e unha "antoloxía de textos complementarios" que abarca dende os máis abstractos "principios de educación" ata as "recomendacións didácticas" máis específicas ("leer y escribir" o "el aprendizaje combinado de las lenguas"), pasando polos "procedimientos didácticos", no que se refire ós modos de ensino e rematando, por suposto, co texto "En Galicia: una enseñanza en lengua gallega".

Estamos, pois, diante da reivindicación do noso autor máis contemporáneo e multidisciplinar. Antón Costa ten abordado igualmente a edición en galego dunha obra sobre Sarmiento en Edicións Xerais, que se referencia noutro lugar. Para esta revista, que, como se sabe, "é" a súa revista -porque leva o seu nome, a súa asinatura, o seu selo e quere levar tamén o seu espírito-, é unha grande ledicia mencionar hoxe a aparición desas e outras publicacións, moi de ultimísima hora, neste seu ano de 2002.

Herminio Barreiro

ESCOLANO BENITO, A.: *El Pensil de las Niñas, Madrid, Edaf, 2001.*

La editorial Edaf, de la mano -y pluma- del profesor Agustín Escolano Benito, ha publicado un hermoso libro, "El Pensil de las Niñas", que con ánimo de llagar al gran público, pero sin restar validez para un lector más especializado, desgrana los elementos más representativos del curriculum escolar femenino en la sociedad burguesa de la segunda mitad del siglo XIX y principios del XX, sirviéndose de un instrumento didáctico, el libro escolar destinado específicamente a las niñas, que mejor refleja las actitudes, estereotipos y expectativas de la época respecto a las mujeres, esto es, todo un imagi-

nario colectivo que representa la mentalidad dominante en la sociedad. Desde esta perspectiva, el libro ofrece, como se encarga de señalar el propio autor, una especie de antología literaria e iconográfica de esa representación.

Precede a la propia antología literaria distribuida en diecisiete capítulos, una sintética y aclaratoria introducción en la que el profesor Escolano presenta al lector el panorama educativo de la mujer en el periodo de estudio, una época que transita desde los albores de la política educativa liberal en que la mujer queda excluida del sistema de formación institucional previsto en principio solo para los varones, hasta el final de la restauración y la implantación de la Segunda República en que el sistema escolar ya ha sufrido en su conjunto un inicial proceso de feminización, un proceso caracterizado por la lenta incorporación de las niñas y jóvenes al escalón escolar básico primero, y a los más elitistas tramos superiores después. Pues bien, el discurso pedagógico acerca de la educación de la mujer en la sociedad tradicional, como bien ilustra el autor, se organizará en torno a tres pivotes: la domesticidad, el cuidado y la preservación del cuerpo y el decoro en la vida de relación. En torno a estos tres ejes se hará girar el programa educativo elaborado para la formación de las niñas, un programa de gran durabilidad en el tiempo, ya que sólo en la segunda década de la última centuria empiezan a vislumbrarse ciertos cambios en las actitudes y en los modelos educativos de la mujer. Durante todo ese espacio temporal las imágenes que inspiraron la buena educación de las niñas, las que se expresaban, como en un espejo, en los textos e iconos de los libros escolares tradicionales hasta bien entrado el siglo pasado serán, las de “ángel del hogar y mujer fuerte, flor engalanada de gracia y virtud, seño-

rita fina y distinguida”, unas imágenes transmitidas, frecuentemente a través de la estrategia didáctica del modelado, en verso y prosa, romancillos y canciones, máximas y exhortaciones en el aula o al amor de la lumbre. De todo ello nos ofrece sugerentes comentarios y muestras literarias e iconográficas el autor.

La pluma y el buen hacer al que nos tiene acostumbrados Agustín Escolano, especialmente aquí la acertada selección de los documentos literarios e iconográficos y las sagaces observaciones y contextualizaciones que los acompañan, se combinan a la perfección con la cuidada labor editorial que ha derrochado color, calidad y buen gusto en el proyecto, para conseguir un bello e interesante libro, ameno para los “curiosos” y útil para los más iniciados en el mundo educativo.

Carmen Benso Calvo

BELLO TROMPETA, L. Viaje por las escuelas de Cataluña, Edic. e estudio introductorio de A Escolano Benito, Tirant lo Blanch, Valencia, 2002, 245 pp.

Luis Bello, a quen coñecemos en Galicia polas súas Crónicas periodísticas en *El Sol* sobre as escolas galegas de 1929, recollidas e editadas en 1973 por Gonzalo Anaya (Akal, Madrid), fixo unha continuada visita de estudio e de difusión da obra da escola por moi diversas terras e lugares de toda a xeografía hispana (o que inclúe neste caso a Portugal). E foi tamén en varios momentos (1925 e 1926, e 1930) a Cataluña para tomar nota da situación escolar, tan distinta en Barcelona e en moitos dos pequenos pobos, para conversar cos líderes sociais e políticos cataláns, e para despertar a conciencia crítica española a favor dunha escola aberta a todos, e sobre todo ao pobo, como anota o profesor Agustín Escolano.

Luis Bello, institucionalista, de profundo espírito liberal-reformista, home da meseta e sen embargo, como deputado, Presidente da Comisión do Estatuto da Autonomía de Cataluña nas Cortes da República, foi sobre todo “un intelectual que creía no poder cultural e democratizador do Estado”.

O *Viaje por las escuelas de Cataluña* reúne os artigos publicados por Bello en *El Sol* nos anos da Dictadura e na antesala da IIª República; breves e incisivas crónicas que falan da situación das escolas catalanas que Bello visitou. Cun ton a miudo etnográfico, o cronista vai amosando a realidade escolar de Barcelona (“que desenvolve un gran esforzo pola cultura desde hai doce anos”, p. 138) e a da Cataluña rural, onde aparecen “casos de arcaísmo e de melancólica ranciedad” (Seo d’Urgell: un só mestre e 93 cregos). Os escritos de Bello, como di Escolano, abordan, ademais, as principais cuestións críticas da educación da época, como as que afectaban ao problema lingüístico, a función social do mecenato e a escola pública, ás innovacións pedagóxicas...; tamén pasan revista ao significado do catalanismo organizado e ás súas repercusións pedagóxicas e escolares, a través da *Mancomunitat de Cataluña* (1914-1923), do Patronato Escolar do Concello de Barcelona, e outras instancias; comaí, tamén as crónicas se refiren a intelectuais de gran talla: Manuel Ainaud, Artur Martorell, Rosa Sensat, Martí Alpera, Pere Vila ou Pere Vergés, ofrecéndonos, deste xeito, un fresco interesantísimo sobre a sociedade catalana e a escola nos fins dos pasados anos 20.

A presente edición, cuidada por A. Escolano, xunta coa valiosa introducción, un amplo e selecto conxunto de imaxes gráficas (libros, escolas, personaxes,...) que permiten conformar un texto de agradable lectura, que é tamén un fermoso anaco da memoria recuperada.

Antón Costa Rico

FRAGA IRIBARNE, A.: *De Electra a Helena*. Madrid, Horas y HORAS, 2001

Grata, gratísima sorpresa la que acabo de llevarme con la publicación de esta obra. Una obra que no esperaba. Y no la esperaba porque tengo que confesar, abierta y sencillamente, así sin más, mi desconocimiento y mi ignorancia a propósito de las sólidas bases que, en materia de cultura clásica, posee Ana Fraga Iribarne. Además de su maestría y su dominio en el ámbito de la historia social de la literatura y el arte. Y debo confesar también, por cierto, que tampoco sabía nada de su militancia feminista, tan clara y tan culta.

Pues bien, hace algún tiempo, recibí de su parte, en calidad de obsequio, un ejemplar de su precioso libro *De Electra a Helena* (2001), editado por “Horas y HORAS” -con tantas y tantas publicaciones de vindicación feminista en el mercado-, en lila y agradable formato y como para ser leído nada más visto. Estudio espléndido sobre los orígenes de la familia patriarcal en la Grecia clásica. Un libro que se lee como una estupenda mezcla de ensayo y ficción.

Ana Fraga analiza, con rigor y hondura, los orígenes del patriarcado moderno a partir de la presencia de la sociedad griega y de su conciencia social-a lo largo del tiempo- en la tragedia clásica, haciendo un recorrido selectivo, lento y meticuloso por la obra de Esquilo, Sófocles y Eurípides. Y no sólo nos habla ampliamente de la obra de los trágicos griegos, sino de la repercusión inmediata y mediata de esas obras y de las reacciones populares a la hora de su representación escénica, así como de los principios educativos latentes en dicha obra.

Podemos ir seguindo, paso a paso, la evolución de las costumbres y de la vida familiar -y, sobre todo, naturalmente- de la *condición femenina*, no sólo en la propia historia griega, sino también más tarde y hasta ahora mismo. Para Ana Fraga Iribarne cabe situar allí el punto de partida y los orígenes indiscutibles de los fundamentos de la sociedad patriarcal tal y como hoy aparece constituída. Cita ejemplos claros, desde el punto de vista de la persistencia ideológica, de esa estructura social, en el ámbito de la literatura, en distintos momentos de la historia europea occidental que vendría después.

En el fondo, se trata de una interesantísima historia crítica de la mujer occidental, en la que se hace un recorrido a través del tiempo, situándose en la intersección misma de lo artístico y lo social, para llegar a lo que hoy es la condición femenina y también en particular alrededor de lo que Carlos Castilla del Pino denominaría “teoría de los sentimientos”, vista desde una perspectiva claramente feminista y reivindicativa.

En suma, un libro imprescindible para todas las mujeres comprometidas con su emancipación. Un libro histórico con una decidida proyección de futuro. Un libro en el que se marcan pautas en el camino de esa liberación. Un magnífico libro, en cualquier caso.

Herminio Barreiro.

ESTEBAN MATEO, L., *La educación en el Renacimiento, Síntesis, Madrid, 2002.*

Iniciase con este ensaio do profesor León Esteban a nova colección “Historia del pensamiento pedagógico” da Editorial Síntesis, e faíno cun texto suxerente arredor da educación renacentista como modelo e como concepción do que debiera ser a educación; un texto argu-

mentativamente rico e culto, por canto que manifesta a erudición precisa para abordar tal temática; sobrio, en tanto que non esquece que vai dirixido a un público lector relativamente amplo e diverso; e “humanista” polo ton e determinados enfoques.

León Esteban estrutura o texto de 240 pp. arredor de dous grandes apartados: o Humanismo e a educación, por unha parte, e os principais representantes da educación moderna renacentista, por outra.

Logo de presentar as diversas dimensións antropolóxicas, culturais, sociais e científicas que configuraron un global movemento de revisión da reflexión sobre a humanidade, desde unha considerable autonomía do pensamento, reconstrúe o autor os trazos básicos das propostas educativas dos humanistas do século XV e dos renacentistas do século XVI, momento no que o fenómeno de renovación, que comezara nos Países Baixos e en Italia, transcenderá ao conxunto das terras centrais e occidentais europeas.

Siñalados os elementos que configuraron o modelo educativo renacentista, ábrese a segunda parte: Erasmo como pai do humanismo europeo; Vives (“ou a nova concepción da educación”); Tomé Moro ou a *Utopía* como restauración social; François Rabelais, como crítico das prácticas educativas establecidas, e Montaigne ou o home como reforma de si mesmo, son os autores seleccionados, presentados mediante pequenas e axustadas monografías, ricas en datos bibliográficos, e que seleccionan o fundamental de cada autor, tendo como fío central a teoría pedagóxica de cada un deles, vista desde o ángulo crítico do profesor León Esteban.

Antón Costa Rico

BERNAL MARTÍNEZ, J.M.: Renovación pedagógica y enseñanza de las Ciencias. Medio siglo de propuestas y experiencias escolares (1882-1936), Madrid, Biblioteca Nueva, 2001, 318 pp.

A innovación curricular e os cambios dos contidos escolares son procesos moi complexos nos que inflúen numerosos factores que fan posibles as reformas, así como tamén producen fenómenos de resistencia que non son fácilmente tanxibles nunha primeira análise histórica. Baste pensar que a ensinanza do sistema métrico decimal fíxose obrigatoria por lei en 1849, pero que durante un século os libros de texto escolares terían táboas de equivalencia entre as medidas antigas e as novas. ¿E que dicir da ensinanza do latín que ata fai poucas décadas centraba as aprendizaxes do ensino secundario e que aínda hoxe seguimos dándolle voltas o seu valor na formación xeral dos bachareles?.

A ensinanza das ciencias no ámbito escolar foi unha incorporación curricular moi novidosa no século XIX, especialmente porque a difusión do pensamento de Darwin, que establecía un paradigma científico incompatible cos dogmas relixiosos, provocou unha intensa polémica na sociedade que afectou ós profesores e científicos que elaboraban as ideas que debían transmitirse na escola. No marco da Revolución Industrial o ensino das ciencias tentaba buscar un espacio no curriculum que só podía cubrirse reducindo outras ensinanzas; e nun país onde o sistema educativo seguía estando ó servizo dunha oligarquía que xustificaba o seu dominio cunha superestructura política que configuraba a “españolidade” en consonancia coa “catolicidade”, calquera idea que puxera en perigo esa supremacía era contemplada con moita desconfianza.

No contexto que estamos a describir, ten un destacado valor o libro de José Mariano Bernal,

porque nos descubre as canles e institucións por onde se espallaron as ideas que fixeron posible o discurso do ensino das ciencias neses anos que estudia, e porque ademais o deseño deste ensino ten moita relación co que foi a renovación metodolóxica que desembocou no movemento que damos en chamar “Escola Nova”. Nesta renovación destacaron un conxunto de establecementos e persoas vinculados á *Institución Libre de Enseñanza*, quen foi, en definitiva, a que marcou as liñas da reforma xeral educativa en todos eses anos que se estudian.

O traballo de José Mariano Bernal, está dividido en seis capítulos. No primeiro estudia como se foi construíndo a disciplina, indagando nos debates, nos libros de texto de pedagogía e nas metodoloxías utilizadas, nas que se incidía dende a perspectiva renovadora, nas leccións de cousas, o traballo práctico e as excursións, o uso de métodos analíticos, ou as formas de secuencialización e organización que se propoñían.

Os tres seguintes capítulos estudian as institucións públicas onde o ensino das ciencias investigouse con máis vagar: O *Museo Pedagógico Nacional*, a sección de ciencias da *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio*, e a *Junta para Ampliación de Estudios*. O *Museo Pedagógico* de Madrid, foi a primeiro organismo oficial difusor dunha metodoloxía práctica na formación dos mestres, e se estudia o traballo que nel desenvolveron Ricardo Rubio, Francisco Quiroga e Edmundo Lozano Cuevas. Resulta aínda hoxe sorprendente atoparse coa paciencia que tiña este último: os alumnos desconcertábanse por ter que traballar e facer, e non só ver e escoitar ó mestre, polo que moitos abandonaban despois da primeira clase. Na *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio*, fai un seguimento dos seus profesores deténdose especialmente en Enrique Rioja e

Modesto Bargalló. Bernal incide na categoría científica destes profesores como os primeiros formadores dos formadores dos mestres no ámbito das Ciencias Naturais. No capítulo dedicado á *Junta para Ampliación de Estudios*, fai un estudio dos pensionados relacionados coa didáctica das ciencias, examinando as súas memorias, en moitos casos inéditas, e comparando as experiencias destes profesores en Francia, Bélxica e Inglaterra.

Dedica despois un capítulo á presenza das propostas de renovación do ensino das ciencias na *Revista de Pedagogía*, facendo un percorrido polo pensamento de Margarita Comas, Vicente Valls e Rosa Sensat. No derradeiro capítulo realiza un conxunto de reflexións que apuntan á *Institución Libre de Enseñanza* como vertebradora dunha reforma que ten varios focos que desenvolven accións na ensinanza das ciencias dun xeito innovador; aínda que moitos mestres, antes como agora, seguirán ancorados nunha metodoloxía tradicional.

Coido que poñerse morriñoso polos tempos pasados non soluciona os problemas do tempo presente, pero é un deber moral dos historiadores da educación dar a coñecer ás novas xeracións de educadores a devastación cultural que produciu o golpe militar de 1936 e o réxime político instalado despois da Guerra Civil. Bernal nos descubre neste cuidadísimo traballo que a didáctica das ciencias naturais non xurdiu en tempos recentes, senón que moitas das ideas que actualmente pretenden pasar por novísimas xa estaban practicándose por aqueles profesores, que desgraciadamente terminaron a súa vida profesional no exilio, ou no silencio forzoso da dictadura. Na crítica do “presentismo” disciplinar, este libro nos advirte sobre o temerario que é esquecer a perspectiva de cómo se conforman os saberes, porque ós períodos de intenso pro-

greso suceden as veces involucións desastrosas na vida dos pobos, e os florecementos culturais poden ser arrasados e perderse na memoria de xeneracións que viven outros problemas.

E. Otero Urtaza.

MARQUÉS, S.: Martí Rouret. Maestro, republicano y catalán, Ed. El Colegio de Jalisco/Girona, 2001, 122 pp.; COMAS, Francesca, MIRÓ, M^a I.: Rosa Roig. Biografía d'una pedagoga (1809-1969), E. Documenta Balear, Palma, 2001, 275 pp.

Dentro da historiografía educativa da area cultural catalana, os estudos biográficos contan cunha certa tradición, que quere recoñecer, por outra parte, a pegada de educadoras e educadores que non só destacaron como notables empiristas do mundo da educación, senón tamén como formuladores de posicións teóricas, intelectualizadas, no mesmo campo.

Hoxe queremos facer referencia aos textos que analizan os percorridos vitais de Martí Rouret e de Rosa Roig.

Martí Rouret, mestre en Cataluña, dinamizador cultural e destacado militante de Esquerra Republicana de Catalunya, que será tamén deputado no Parlamento catalán desde 1931 e membro do Goberno catalán durante a guerra civil, verase obrigado como tantos outros milleiros a marchar ao exilio, primeiro a Francia e logo a México, onde vivirá tempos amargos, dada a distancia e a separación familiar. A vida dun mestre, defensor de ideas de reforma social, federal e laicista, é o relato que trata de construír Salomó Marqués, continuando unha liña de investigación e de recuperación de memorias de vida na que fixo xa moi considerables aportacións anteriores.

Pola súa parte, as historiadoras da educación Francesca Comas e M^a Isabel Miró traennos os perfís vitais e profesionais de Rosa Roig, que das terras de Tarragona pasou á Maiorca onde por vinte anos foi docente de Metodoloxía histórica na Escola Normal, logo de terse formado na Escola da Estudios Superiores do Maxisterio na promoción de 1910-1913. Rosa Roig, muller, mestra e escritora, formada nos ideais do institucionalismo, desenvolveu unha acción pedagóxica desde criterios de defensa do pacifismo, do feminismo, do progresismo e do catalanismo, tendo sido depurada e apartada da docencia, aínda que terminara exercendo xa por un breve tempo na Escola Normal de Barcelona, nun “tempo de desencanto”.

As autoras do estudio analizan particularmente o período maiorquín da pedagoga Rosa Roig: as súas innovacións didácticas na escola de Maxisterio, a súa participación na vida social e cultural da cidade, os seus enfrontamentos cos sectores conservadores e eclesiásticos..., e mostrannos todas as incidencias represivas nas que se viu constreñida a partir de 1936.

As autoras, a través dun cuidado traballo de reconstrución dunha biografía rota e exemplar, procuran amosar unha figura humana, perlada por unha notable madurez; unha figura que recorda en extremo á nosa de María Barbeito Cerviño.

Antón Costa Rico

PELAYO, Francisco: De la creación a la evolución. Darwin, Madrid, Editorial Nivola, ano 2001, 173 pp.

O importante científico Charles Darwin e a súa salientable obra *A orixe das especies* son tema de continua actualidade para numerosos lectores. Nestes últimos anos teñen aparecido interesantes estudos sobre a actividade científica de

Darwin, a xénese da súa obra e as peculiaridades do darwinismo, aportacións de distinto nivel e dirixidas a diferentes públicos¹. Desde España non se xeraron moitos estudos ou textos divulgativos neste período. Salientaremos a publicación dun interesante debate desenvolvido en Barcelona en 1995: *El progreso, ¿un concepto acabado o emergente?*², o texto que recolle as ponencias presentadas no “Coloquio sobre la Recepción del darwinismo en Iberoamérica: un análisis comparativo” (Cancún, 1997)³ e un libro do autor cuxa obra reseñamos, *Ciencia y creencia en España durante el siglo XIX. La Paleontología en el debate sobre el darwinismo*⁴. Non parece unha produción excesiva despois do auxe do tema co gallo do centenario da morte de Darwin en 1982. E a escasez é aínda maior no terreo da divulgación especializada, onde a oferta editorial é moi limitada.

Nese contexto, é de valorar que a editorial Nivola presente na súa colección “Científicos para la Historia” esta biografía de Charles Darwin, un eloxiable intento por achegar a un público amplo o labor de tan sobranceiro científico. O autor, Francisco Pelayo, un prestixioso historiador das Ciencias Naturais con diversos traballos sobre a cuestión darwinista, aborda con éxito a tarefa. Un reto complexo que supón aunar o rigor científico e histórico coa amenidade e fluidez necesarias, mostrando o autor unha gran capacidade de síntese para desenvolver o complexo tema abordado nunha extensión reducida. Outra dificultade engadida procede da propia natureza do tema tratado. Referímonos a que nas últimas décadas dispoñemos de novas fontes e aportacións sobre Darwin e a xestación e difusión do darwinismo que, xeralmente, presentan unha escasa recepción en numerosas obras divulgativas e libros de textos de Ciencias Naturais, que repiten unha serie de tópicos que

amosan anacronismo e descontextualización. Precisamente, un dos méritos desta obra é que acada, dentro do seu tono divulgativo e limitada extensión, a incorporación de novos coñecementos e a descrición axeitada do darwinismo no seu contexto histórico real.

O autor utiliza como fío argumental a frase que dá título ó libro, *De la creación a la evolución*, un proceso que empeza a abordar cun primeiro capítulo, dedicado á “La vida y la época de Darwin”. Explica con precisión e claridade as propostas que dominaban nas Ciencias Naturais no momento da formación científica de Darwin, caracterizando ós científicos que máis lle influíron. O segundo capítulo, “El viaje alrededor del mundo”, sitúanos fronte un episodio fundamental na vida científica de Darwin, a súa famosa viaxe no “Beagle” entre 1831-1836. Pelayo subliña o encontro do naturalista con realidades científicas que chocaban coa súa concepción científica ou eran de difícil encaixe, como era o caso da fauna fósil sudamericana e as características da fauna das illas Galápagos. Acertadamente, e en contradición con abundantes textos divulgativos e escolares, evita un enfoque inductivista á hora de relacionar de xeito directo esas observacións coa orixe das ideas evolucionistas en Darwin, para tratar a cuestión de forma correcta no capítulo que leva por título “La lenta construcción de la teoría de la evolución”. Aquí aparecen os diversos elementos que fan xurdir, inicialmente, a idea da evolución das especies como argumento explicativo da extinción e da diversidade biolóxica e, o que podería ser máis complicado, o achádego da selección natural como mecanismo explicativo do fenómeno. É a historia dun descubrimento, da superación de concepcións científicas e de todo un xeito de pensar.

O capítulo 4, “El origen de las especies y la selección natural”, está dedicado a analiza-la

obra magna de Darwin, *A orixe das especies por medio da selección natural*, o libro que publicado en 1859 argumentaba de forma detallada a defensa da evolución das especies e do mecanicismo que a orixina. Trátase do capítulo máis amplo do libro, o que amosa o interese do autor en explicar axeitamente o contido da trascendental obra de Darwin. Un obxectivo lóxico e que Pelayo acada, realizando un valioso exercicio de síntese. No capítulo seguinte, “El impacto de la obra de Darwin en la sociedad”, describíense as liñas principais que marcaron o agudo debate que a publicación da obra de Darwin provocou no mundo científico e no conxunto da sociedade. Hai referencias específicas ó conflito xurdido entre a ciencia e a creencia e, como era de agardar, á recepción do darwinismo en España. Neste punto, Pelayo sinala acertadamente, entre outros factores que determinaron a limitada repercusión do darwinismo por parte dos científicos españois, o escaso desenvolvemento da comunidade científica e o seu carácter conservador.

No capítulo 6, “Darwin en el siglo XX: la teoría sintética de la evolución” observamos, esquemáticamente, a forma que adquiriron as propostas de Darwin nas décadas seguintes, coa incorporación de novas aportacións en diferentes ámbitos científicos (xenética, sistemática, paleontoloxía), que levaron á construción da teoría sintética da evolución. No “Epílogo” se subliña a importancia da paleontoloxía no debate darwinista e o carácter de revolución cultural que implicaba a nova proposta científica. Pelayo sinala que ó resolver Darwin a orixe das especies desde mecanismos e procesos naturais en exclusiva, o darwinismo veu a ser un respaldo para o naturalismo materialista. O texto remata cunha necesaria “Cronoloxía” e unha “Bibliografía sucinta”.

Xosé A. Fraga Vázquez

¹ Pódese salientar:

MAYR, E. (1991). *One long argument. Charles Darwin and the Genesis of Modern Evolutionary Thought*. Cambridge, Mass., Harvard University Press. Hai edición española de 1992: *Una larga controversia: Darwin y el darwinismo*. Barcelona, Crítica.

BOWLER, P. J. (1990). *Charles Darwin. The man and his influence*. Hay edición española de 1995: *Charles Darwin. El hombre y su influencia*. Madrid, Alianza Editorial.

MILNER, R. (1993). *The Encyclopedia of Evolution. Humanity's Search for Its Origins*. New York, Henry Holt and Company. Hai edición española de 1995: *Diccionario de la Evolución. La humanidad a la búsqueda de sus orígenes*. Barcelona, Bibliograf.

DENNETT, D. C. (1995). *Darwin's Dangerous Idea: Evolution and the Meanings of Life*. London, Penguin Books. Hai edición española de 1999: *La peligrosa idea de Darwin*. Barcelona, Galaxia Gutenberg. Circulo de Lectores.

TORT, P. (Dir.) (1996). *Dictionnaire du darwinisme et de l'évolution*. Paris, P.U.F.

² WAGENSBERG, J. & AGUSTÍ, J., editores (1998). *El progreso, ¿un concepto acabado o emergente?* Barcelona, Tusquets Editores

³ GLICK, T.; RUIZ, R. & PUIG-SAMPER, M. A. (1999). *El darwinismo en España e Iberoamérica*. Madrid, Ediciones Doce Calles.

⁴ PELAYO, F. (1999). *Ciencia y creencia en España durante el siglo XIX. La Paleontología en el debate sobre el darwinismo*. Madrid, Cuadernos Galileo de Historia de la Ciencia. CSIC.

VÁZQUEZ RAMIL, R.: *La Institución Libre de Enseñanza y la educación de la mujer en España: la Residencia de Señoritas (1915-1936), edic. da autora, Betanzos, 2001, 340 pp.*

A presente investigación, que foi tese de doutoramento da autora no curso 1988-89 na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago, xulgada por un tribunal presidido por D. Vicente Cacho Viu, aparece agora como libro ao alcance dun público amplo para dar a coñecer o que foi en particular o

papel xogado pola Residencia de Señoritas — outras das pónlas expresivas da ILE— a prol da educación da muller en España na chamada “Idade de Prata”.

En sete capítulos presenta Raquel Vázquez Ramil a súa investigación: nos seus dous primeiros abórdase unha presentación sintética da ILE, das súas aportacións á educación da muller española (ateneismo, “Asociación para la enseñanza de la mujer”, os escritos de Giner, a educación da muller nos Congresos Pedagóxicos e no Boletín da ILE) e da súa incidencia nas actividades da Xunta para a Ampliación de Estudos, como porta de acceso á cultura europea; os seguintes capítulos adócanse todos eles a presentar as posibilidades de acceso da muller española ao ensino superior, as incidencias da creación da Residencia de Señoritas de Madrid, baixo o impulso de María de Maeztu, as actividades e organización interna da Residencia, os seus intercambios cos *Colleges* americanos femininos, e o desmantelamento da Residencia por parte dos franquistas.

A autora, que investigou sistemáticamente e por vez primeira os fondos de documentación orixinal do Arquivo de Residencia de Señoritas, constrúe unha monografía ordenada, axustada, rica en información e analiticamente adecuada sobre unha institución que figurou na vangarda das loitas a prol da educación da muller en España, e que o fixo desde os principios filosóficos krauso-institucionistas. Unha institución que se constituíu, así, noutra das manifestacións da modernidade e dos impulsos democráticos que a ILE promovía constantemente.

Antón Costa Rico

COSTA RICO, A: Sarmiento. Vida e obra. Xerais, Vigo, 2002, 108 pp.

Era Sarmiento un home que non gostaba de compartir a súa vida e tampouco a súa obra. El escollera: "(...) vivir retirado en un rincón, abstraerme de todo comercio mundano, político, literario y epistolar, y vivir sólo para Dios, para mí y para cuatro amigos (...) Que escriban e impriman los que están remangados para impugnar, per fas per nefas, para ridiculizar y para infamar (...)". Este ostracismo voluntario foi o culpable de que a case totalidade da súa obra non se publicase en vida e que se estendese a súa sonda de insociable e descortés.

Endebén, neste ano no que se lle adica o Día das Letras Galegas desoíndo, por sorte, os desexos de Frei Martín, chegaron ás nosas mans un importante número de publicacións sobre a súa vida e obra. En todas elas, tendo en conta o público ao que van dirixidas, preténdese, dun xeito máis ou menos erudito, afastar moitas das sombras que agochaban os tempos das Luces, tendo en conta que Sarmiento era, segundo F. Aguilar Piñal, unha das "lumieiras do século XVIII".

Sabemos que Antón Costa xa hai moitos anos que é, como diría Henrique Monteagudo, un "sarmentino" pero este ano o é aínda máis. Son dous os libros publicados: *Sarmiento. Vida e obra* (Xerais) e, xunto con María Álvarez Lires, a edición con estudio introductorio da obra de Sarmiento *La educación de la niñez y de la juventud* (Biblioteca Nueva).

Na publicación que nos ocupa, e que foi a primeira en saír do prelo, Antón Costa fai un estudio no que se dá conta dos fitos máis importantes e significativos na vida do monxe beneditino. Percorre a súa infancia e adolescencia por terras galegas, deténdose na vida como

estudiante e, máis tarde, como profesor e investigador en Madrid, Irache, Eslonza, Celorio e Oviedo.

O segundo capítulo adícase a análise da copiosa produción escrita de Sarmiento que forma un conxunto moi heteroxéneo, tanto pola variedade temática coma pola diversidade de formatos e tipos de texto. Os temas principais son: filoloxía, crítica e historia literaria; diplomática, arquivística; pedagogía e educación; historia natural; matemáticas e física; belas artes; obras públicas e outros asuntos de interese público. Os tipos de texto son variados: cadernos de viaxe, cartas, informes técnicos e apuntes de variable extensión.

A divulgación de toda esta obra non se fixo, por desexo do autor, gracias á impresa senón a través da copia manuscrita. Este feito vai ter distintas implicacións. Entre elas a falta, en moitas ocasións, dunha planificación rigurosa dos contidos e da estrutura dos textos. En segundo lugar, dificulta a investigación sobre a súa obra ao non dispoñer da totalidade das copias relevantes de cada texto.

No último capítulo do libro achégase Antón Costa a unha das dimensións para nós máis descabidas de Sarmiento, tal é a defensa dos riscos diferencialistas e racionais do ensino que van facer del o auténtico fundador da tradición galeguista e o primeiro en reivindicar o uso do galego no ensino e a súa valoración social.

Como anexos atopamos os seguintes textos: A cela-gabinete de frei Martín, as viaxes a Galicia, unha interesante síntese sobre os itinerarios de educación no Antigo Réxime, a presentación dos pergamiños e documentos que Sarmiento analizou e un estudio sobre a orde bieita.

Os anteriores anexos, xunto coa escolma de textos e a selección bibliográfica que aparece

ao final do libro, forman un conxunto de materiais que poden servir como un importante recurso didáctico.

Así pois, recomendamos a lectura deste novo libro de Antón Costa xa que resulta unha valiosa aportación aos estudos que se esforzan por dar a coñecer a importancia e o interese da figura de Martín Sarmiento.

Sabela Rivas

SANTOS PUERTO, J.: Martín Sarmiento: Ilustración, Educación y Utopía en la España del siglo XVIII, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 2002, 2 vols., 550 + 410 pp.

Ao amparo da celebración do Día das Letras Galegas/2002 en honra de Fr. Martín Sarmiento puideron saír á luz diversos estudos e textos arredor da figura intelectual e poliédrica do Padre Sarmiento, quen tamén destacou considerablemente no ámbito das ideas pedagóxicas.

Así foi como o magno estudio realizado polo arraiano José Santos Puerto (de Cacabelos é) como tese de doutoramento, defendida en 1998, puido agora ser editado dentro das coleccións bibliográficas da Fundación Barrié de la Maza, “nunha versión lixeiramente adelgazada da tese”. Unha obra magna pola extensión e o xeral tratamento da figura sarmentiana, que desde a investigación en fontes documentais que recollen os escritos do monxe, e desde a toma en consideración de todos os ensaios ata o presente escritos arredor de Sarmiento, acerta a reconstruír o perfil biográfico e intelectual dun gran ilustrado galego e hispano, sinalando nel, en particular, a súa dimensión como tratadista da educación, como teórico da pedagogía.

O denso estudio estrutúrase en catro amplos apartados e péchase con conclusións e apéndice (Fontes, Escritos, Estudos), que son á súa volta unha guía documental sobre Sarmiento. A primeira parte (pp. 25-222) reconstrúe o seu perfil biográfico contextualizándoo no século XVIII e no movemento da Ilustración hispana. A segunda parte (pp. 223-550) está adicada a analizar a figura, traxectoria e o alcance intelectual do noso monxe: as súas ideas e investigacións, a súa inflexión particular no contexto dos conceptos que fundamentaron a Ilustración, e a súa apertura aos horizontes culturais e científicos europeos, constatada nos seus contactos e na súa correspondencia que o mantiñan formando parte da República das Letras, e tamén na súa Biblioteca.

Sendo a dimensión da teoría educativa a que mobilizou as enerxías de estudio do seu autor, entenderemos que se consagre unha extensa terceira parte ás posicións pedagóxicas de Sarmiento (“O educador”). Un Sarmiento que se move entre a denuncia e a crítica dun estado de cousas, por unha parte, e a proposición dun horizonte pedagóxico alternativo, por outra; entre o realismo pedagóxico e as posicións defendidas por Rousseau; ou entre o logro dunha cultura ilustrada e europea e a radical defensa do enraizamento cultural de carácter nacionalitario.

Por fin, Santos Puerto achégase na última parte á dimensión utopista que él encontrou en Sarmiento.

Santos, que se doe non só do descoñecemento da figura de Sarmiento, senón do certo menosprecio ao que, sobre todo, fóra de Galicia foi sometido, situa o entre os promotores da liberdade e da xustiza social do século XVIII, e como peza clave para entender a Ilustración hispana, anotando entre outros méritos o de ser un dos primeiros introdutores de Newton e de

Linneo no marco cultural hispano, impulsor dos estudos filolóxicos e romanísticos, bibliógrafo extraordinario, ou historiador crítico e avanzado en canto a súa óptica sobre o que debería ser o coñecemento histórico.

De non menos importancia foron as súas contribucións para unha educación racional dos nenos e dos xoves, partindo de principios como a potenciación dunha aprendizaxe natural e a partires da lingua materna, a necesidade de coñecer a psicoloxía infantil, unha gnoseoloxía sensualista e empirista, a defensa da intuición para o coñecemento de todo o entorno natural e construído, ou a defensa da educación infantil, ao tempo que fustigaba o autoritarismo, o memorismo ou o uso dos castigos por cuestión da aprendizaxe intelectual.

Queda, así, plasmado e críticamente analizado o perfil intelectual dun monxe afecto aos supostos renovadores da Ilustración, que foi tamén piar e restaurador da lingua galega e do seu uso escrito, o noso Martín Sarmiento, sen quen Feijoo, o outro galego, non podería ser cabalmente explicado.

Antón Costa Rico

CEREZO MANRIQUE, M. A.: Los comienzos de la psicopedagogía en España (1882-1936), Madrid, Biblioteca Nueva, 2002.

El libro que Miguel Angel Cerezo ha publicado recientemente en la editorial Biblioteca Nueva recoge, en una apretada y documentada síntesis, el conjunto de desarrollos teórico-prácticos que, a caballo entre la psicología y la pedagogía, dieron lugar en las primeras décadas del siglo XX al nacimiento en España de un nuevo campo científico con una importante proyección en el ámbito educativo al que el autor, acerta-

damente, considera como el antecedente de la actual psicopedagogía.

Desde una doble perspectiva, genética y comparativa –he aquí una de las virtudes del libro-, el autor entronca el nacimiento de este nuevo campo de saberes en España con los desarrollos que en el mismo ámbito de conocimientos llevaba a cabo, desde hacía unos años, la comunidad científica internacional, lo que evidencia uno de las características más decisivas de la cultura española de la época: su apertura a las influencias externas de los países de nuestro entorno y la presencia española en los principales foros científicos de ámbito internacional a lo largo de esta etapa.

En el proceso de configuración de la psicopedagogía jugó un papel decisivo la ILE y las organizaciones relacionadas con ella: primero, el Museo Pedagógico Nacional y posteriormente, la Junta de Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas. Ambas propiciaron la multiplicación de los contactos con el exterior y ejercieron una fecunda labor publicista en España dando a conocer los artículos y las obras publicadas por los pioneros del conocimiento psicopedagógico en Europa y América, bien a través de traducciones de autores extranjeros, bien a través de producciones fruto de las reflexiones de los psicopedagogos que empezaban a construir las bases nacionales de la nueva disciplina. De este modo, la psicopedagogía española se fue configurando gracias al influjo de las corrientes que venían de fuera y al proceso de maduración y adaptación al que eran sometidas por las instituciones que en España se encargaban de cultivar este tipo de conocimientos, principalmente redes de formación del profesorado, de orientación profesional y de intervención con niños anormales. De todo ello, da buena cuenta en el libro Miguel Enrique Cerezo.

Junto al proceso de constitución de un cuerpo científico psicopedagógico propio, el autor analiza el conjunto de aplicaciones prácticas de reconocido prestigio internacional que se llevaron a cabo en el seno de las instituciones pioneras en este ámbito surgidas en el país y que constituyen las primeras manifestaciones de la psicología aplicada en el mundo de la educación en España. Se destaca, en primer lugar, la contribución realizada desde la Inspección Médico-Escolar a la orientación e intervención psicoeducativa, colaborando con sus modestos recursos humanos a la mejora del panorama educativo español. En segundo lugar se analiza la decisiva aportación de los Institutos de Orientación Profesional de Madrid y Barcelona, auténticas instituciones que lograron consolidar los modernos saberes psicoeducativos en España. Es interesante el estudio que de tales instituciones realiza Miguel Angel Cerezo demostrando cómo a través de las transformaciones que experimentaron se convirtieron en núcleos vertebradores del panorama psicoeducativo español, organizando las redes de orientación, promoviendo la formación de profesionales, elaborando instrumentos de evaluación y diagnóstico y favoreciendo la comunicación con otras instituciones similares extranjeras.

En otro orden de cuestiones, la idea de una “escuela a la medida” formulada por Claparède a principios de siglo y que había calado profundamente en la comunidad internacional, hacía necesario, en plena expansión de la escolarización en España, un diagnóstico previo para que todos los alumnos recibieran un tratamiento diferenciado, adaptado a sus características individuales. De este modo el autor muestra cómo en el proceso de la modernización de la escuela, y por extensión en la modernización de toda la sociedad española, la psicología entra-

ba, como en otros países, al servicio del diagnóstico y atención a la diversidad de los escolares. Aunque la realidad escolar de la época —escasamente analizada en el texto— hace poner en sus justos límites las aportaciones de la psicología experimental al ámbito educativo durante las primeras décadas del siglo XX, se abría un panorama fecundo entre la psicología y la educación, que posibilitaría los futuros avances en el campo de la orientación educativa y de la intervención psicopedagógica.

Un libro, en definitiva, imprescindible para desgranar las raíces de los actuales saberes que se articulan en la nueva titulación de Psicopedagogía.

Carmen Benso Calvo

CRUZ OROZCO, J. I.: El Yunque Azul. Frente de Juventudes y sistema educativo. Razones de un fracaso, Alianza Editorial, Madrid, 2001, 255 pp. e un CD con canciones.

O libro de Cruz Orozco procura describir e analizar a política xuvenil española auspiciada polo franquismo desde os seus primeiros momentos, a través do “Frente de Xuventudes”, creado en nadal de 1940 baixo a dirección do único partido político existente, Falanxe Española.

Unha política xuvenil que, levada a cabo sobre todo fóra do sistema escolar, quería realizar unha intensísima socialización política da xuventude española no marco dos principios políticos do chamado Movemento Nacional, de nido espírito totalitario, para asegurar —como escribiu o prologuista, Alejandro Mayordomo— “a formación e disciplina das xeracións da Patria no espírito católico, español e de milicia”.

Cruz Orozco que estudou detalladamente múltiples fontes e a xeralidade da documentación secundaria agora dispoñible, preséntanos o conxunto das accións e programas desenvolvidos desde o masculino Frente de Xuventudes (recordemos a organización “Sección Femenina”) a partir da súa creación e ata o ano 1977, momento este no que o Frente de Xuventudes xa era denominado como “Organización Juvenil Española” (OJE, desde 1960). Un Frente de Xuventudes que dependera de “Delegación Nacional del Frente de Juventud”, que como tal se foi redominando como “Delegación Nacional de Juventudes”, e finalmente como “Delegación de Juventud”.

Cun criterio de elaboración máis temático que cronolóxico, o autor desenvolve a súa investigación a través de catro capítulos: Conciencia de fracaso, o Patronato Escolar Primario, os instructores elementais, e a Formación do Espírito Nacional (FEN).

Significativamente, o autor adica un primeiro capítulo a analizar a “conciencia de fracaso” que os propios falanxistas tiñan en canto ao seu intento de socialización política de xuventude durante os anos corenta e cincuenta, o que achacaban a súa non incorporación plena ao sistema escolar, tradicionalmente situado baixo o control ideolóxico dos centros conservadores católicos. A pesar de dispoñer da capacidade formal de intervención no ensino a través da impartición das materias “Formación del Espíritu Nacional” (formación política, e non cívica) e a “Educación Física”, os seus profesores non gozaban do mesmo status que o conxunto dos profesores funcionarios dos centros educativos públicos, e dependían funcional e administrativamente da “Delegación N. de Frente de Juventudes”, o que lles restou capacidade de incidencia formativa, como se observou na práctica.

Esta cuestión quíxose resolver por medio da creación do Patronato Escolar Primario, acolléndose a unha norma ministerial que autorizaba á creación de patronatos escolares por parte de distintas entidades, para a súa contribución ao desenvolvemento educativo. Deste modo, Falanxe podería poñer en marcha unha propia rede escolar baixo a súa inspiración ideolóxica e organizativa, que lle dera ademais a oportunidade de conectar as estruturas escolares coas non formais (campamentos e fogares de xuventude), onde mellor se viña expresando a Delegación Nacional de Xuventude. Pero tampouco aquí tivo o éxito desexado: o Patronato só chegou a estar presente en 19 provincias con 49 centros escolares, dos que 26 eran escolas unitarias; unha rede ben pequena para o propósito que se pretendía realizar. Fronte á Falanxe, a Igrexa Católica, moito mellor preparada no ámbito da educación formal, logrou en cambio unha moi forte implantación a través desta vía dos patronatos escolares.

O terceiro capítulo adícase a analizar a formación dos instructores elementais. Dado que a asignatura “Formación del Espíritu Nacional” e a de “Educación Física” viñan encomendadas á Delegación N. de Xuventude ésta procurou incidir na formación específica do Maxisterio para respostar a tal encomenda, ante a escasez de persoal propio, que se reservou para os Institutos de Bacharelato. En efecto, para impartir a materia de FEN había que ser “Instructor”. Por iso, os alumnos de Maxisterio cursaron a materia, e desde 1950 debían acudir ademais a un campamento do “Frente de Xuventudes” para ultimar a súa formación política a este respecto.

Cruz Orozco estudia no cuarto capítulo o conxunto de incidencias suscitadas arredor da presenza da disciplina FEN no sistema escolar. A doutrina falanxista era exposta nos centros esco-

lares nunha situación de certa precariedade, en canto ao profesorado, enfoque didáctico e presenza de material didáctico. O autor aprecia que a partir de 1959 os libros de texto tiñan xa un ton moito menos falanxista, como indicio da perda de poder destes. Nos anos sesenta, a falta do logro da socialización política desexada, os libros de texto defenderían, en cambio, as "bondades" da democracia orgánica, fomentando a impasibilidade do alumnado en todo o referente á intervención política; e por fin, no momento da transición á democracia, a materia de "Formación del Espíritu Nacional" carecía xa dalgunha influencia apreciable entre os xoves.

Por todo isto, o balance das iniciativas máis importantes levadas a cabo pola política educativa do franquismo é negativo no seu conxunto para Cruz Orozco, a pesar de ser salientados diversos éxitos parciais. Un fracaso que, de todos modos, tampouco foi tan grave, dicimos nós, porque o réxime político franquista, unha dictadura totalitaria que se modera ao longo da década dos cincuenta, dispoñía de moitos outros mecanismos de socialización política, chegando a conquistar moi altas cotas de adhesión a tal réxime político, aínda que as discrepancias foran gañando terreo co paso do tempo.

O libro de Cruz Orozco, necesario e ben plan-teado, ven acompañado de detalles interesantes: unha afortunada maqueta acollidora das múltiples ilustracións gráficas, unha tipografía en azul a tón coa nosa memoria sobre o que aquilo foi, e un CD coas cancións que cantaban os "flechas" e os "cadetes" afiliados á Falanxe; cancións que os demais tamén aprendíamos nas escolas, como parte da mesma socialización política.

Antón Costa Rico

**DE GABRIEL FERNÁNDEZ, N.:
Escolantes e escolas de ferrado,
Xerais, Vigo, 2001, pp. 428.**

ESCOLANTES GALEGOS

Escolantes e escolas de ferrado... Velaí o título dun libro, o libro dunha vida, a historia da escolarización na Galicia rural... Isto é, a historia do ensino da Galicia nosa, da Galicia enteira, da Galicia profunda, nos séculos XIX e XX. A escola nosa. A nosa escola...

Cando nos adentramos nas páxinas emocionadas, palpitantes e, moitas veces, trémulas do libro denso e magnífico de Narciso de Gabriel -publicado en Xerais, na fronteira de dous séculos, xustamente con ese título- sentimos coma se estiveramos a vivir de novo aquela experiencia intensa e profunda das nosas xentes. Ler, escribir e contar. "Armarse" para vivir. Prepararse para emigrar. Construír culturalmente a propia vida nun exercicio fantástico de audiodictismo e de sacrificio contra o "oficialismo pedagóxico" máis retrógrado, ignominioso e incapaz de comprender nin siquiera o seu propio entorno.

Velaí pois o libro *par excellence* do noso compañeiro da Universidade da Coruña. O libro da súa vida, como se sole dicir. Un libro que é máis que un libro. Un libro que leva dentro alma, corazón e vida. Un libro científico, si, pero, no fondo, unhas memorias de infancia e xuventude, unha novela, unha dramatización da Galicia doutro tempo... Nunha palabra, moito máis que un libro de pedagogía. Moito máis que un libro de historia da educación. Moito máis que un asunto "técnico" ou "didáctico". E, por suposto, máis que unha cuestión académica...

Escolantes e escolas de ferrado debería ser un *best-seller* en Galicia. Debería ser o punto de arranque para investir por fin, en Galicia,

moito máis en educación que en chapapote -como diría Manolo Rivas-. Para que tamén aquí a educación empece a ser unha fartura, unha riqueza. E para que educar e educarse poidan converterse nunha emoción, nun sentimento, nunha paixón. Así e só así a educación chegará a ser un día un dereito fundamental e a conquista definitiva da liberdade.

Herminio Barreiro